CRITERIOS DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR EXPERIENCIA PROFESIONAL E LABORAL PREVIA

Os artigos 12 e 20.2 do "Regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo" regulan as condicións a considerar e especifican a documentación a presentar para o recoñecemento de créditos por experiencia profesional e laboral previa.

Segundo o artigo 12.5 do "Regulamento de recoñecemento e transferencia de créditos académicos nas titulacións oficiais de grao e de mestrado da Universidade de Vigo", "as memorias de verificación deberán incluír o número de créditos recoñecibles a partir da experiencia profesional ou laboral. O volume de créditos recoñecibles a partir" da experiencia profesional e laboral previa, "xunto cos procedentes de estudos universitarios non oficiais, regulados no artigo 11, non poderá superar o 15 % do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter."

Polo tanto, e respectando en todo caso o límite do 15% do total de créditos do plan de estudos considerando de forma conxunta os recoñecementos de estudos universitarios non oficiais, débense ter en conta as restricións consideradas nas memorias das respectivas titulacións:

- Para o GETT en extinción, considérase un máximo de 12 ECTS.
- Para o GETT en implantación,15% do total de ECTS da titulación (36 ECTS).
- Para o MET en extinción, 15 ECTS, en módulos de 5 ECTS, por experiencia desenvolvida trala obtención de algunha das titulacións que dan acceso ao mestrado, a razón de 5 ECTS por ano de experiencia laboral.
- Para o MET en implantación, 15% do total de ECTS da titulación (13.5 ECTS; ao teren todas as materias un número de ECTS múltiplo enteiro de 5, de facto a restrición é de 10 ECTS).

Segundo o artigo 22.2 do devandito regulamento, a CAG/CAM correspondente informará se procede ou non o recoñecemento seguindo os seguintes criterios, rexeitándose o recoñecemento das materias non listadas de forma explícita nos mesmos:

Recoñecemento de créditos no GETT en extinción.-

En aplicación do artigo 12.2 do "Regulamento de recoñecemento", recoñeceranse de maneira preferente as materias "Prácticas en Empresa I" e "Prácticas en Empresa II". Para o recoñecemento de unha de estas materias esixirase unha experiencia profesional mínima de 150 horas; para o recoñecemento das dúas materias, o mínimo esixido será de 264 horas. Ademais, ao inicio do período de experiencia profesional e laboral no que se basee a solicitude de recoñecemento, o/a estudante deberá ter superados 24 ECTS de materias obrigatorias da súa mención e cumprir os requisitos indicados para as prácticas extracurriculares no artigo 8 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da Universidade de Vigo.

En caso de xa ter sido superada algunha destas materias, contemplarase o posible recoñecemento de materias optativas (excluíndo as materias obrigatorias de mención), sempre e cando o informe referido no artigo 20.2.b do "Regulamento de recoñecemento" reflicta ter acadado os resultados de aprendizaxe e dominar os contidos da(s) materia(s) que se solicita recoñecer. A tal efecto, a CAG solicitará un informe á coordinación da(s) devandita(s) materia(s) sobre a pertinencia do recoñecemento. Para o recoñecemento de cada unha destas materias esixirase unha experiencia profesional mínima de 50 horas/ECTS.

Recoñecemento de créditos no GETT en implantación.-

En aplicación do artigo 12.2 do "Regulamento de recoñecemento", recoñeceranse de maneira preferente a materia "Prácticas en Empresa". Para o recoñecemento de esta materia esixirase unha experiencia profesional mínima de 25 horas/ECTS. Ademais, ao inicio do período de experiencia profesional e laboral no que se basee a solicitude de recoñecemento, o/a estudante deberá ter superados 24 ECTS de materias obrigatorias da súa mención e cumprir os requisitos indicados para as prácticas extracurriculares no artigo 8 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da Universidade de Vigo.

Contémplase tamén o posible recoñecemento de materias optativas (excluíndo as materias obrigatorias de mención), sempre e cando o informe referido no artigo 20.2.b do "Regulamento de recoñecemento" reflicta ter acadado os resultados de aprendizaxe e dominar os contidos da(s) materia(s) que se solicita recoñecer. A tal efecto, a CAG solicitará un informe á coordinación da(s) devandita(s) materia(s) sobre a pertinencia do recoñecemento. Para o recoñecemento de cada unha destas materias esixirase unha experiencia profesional mínima de 50 horas/ECTS.

Nos casos en que xa se teñan superado ou recoñecido, seguindo as dúas vías dos parágrafos anteriores, os 18 ECTS de optatividade da titulación, contemplarase o posible recoñecemento das materias "Empresa: Fundamentos de Empresa" e "Laboratorio de Proxectos", aplicando os mesmos criterios de concordancia entre a experiencia e os resultados de aprendizaxe e contidos da(s) materia(s) e requirindo un informe da coordinación de cada materia. Para o recoñecemento de cada unha de estas materias esixirase unha experiencia profesional mínima 75 horas/ECTS.

Recoñecemento de créditos no MET en extinción.-

En aplicación do artigo 12.2 do "Regulamento de recoñecemento", recoñeceranse de maneira preferente as materias "Prácticas en Empresa I", "Prácticas en Empresa II" e "Prácticas en Empresa III". Para o recoñecemento de cada unha de estas materias esixirase unha experiencia profesional mínima de un ano. Ademais, ao inicio do período de experiencia profesional e laboral no que se basee a solicitude de recoñecemento, o/a estudante deberá cumprir os

requisitos indicados para as prácticas extracurriculares no artigo 8 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da Universidade de Vigo.

En caso de xa ter sido superada algunha destas materias, contemplarase o posible recoñecemento de materias optativas, sempre e cando o informe referido no artigo 20.2.b do "Regulamento de recoñecemento" reflicta ter acadado os resultados de aprendizaxe e dominar os contidos da(s) materia(s) que se solicita recoñecer. A tal efecto, a CAM solicitará un informe á coordinación da(s) devandita(s) materia(s) sobre a pertinencia do recoñecemento. Para o recoñecemento de cada unha des estas materias esixirase unha experiencia profesional mínima de un ano.

Recoñecemento de créditos no MET en implantación.-

En aplicación do artigo 12.2 do "Regulamento de recoñecemento", recoñeceranse de maneira preferente as materias "Prácticas en Empresa". Para o recoñecemento de esta materia esixirase unha experiencia profesional mínima de 25 horas/ECTS. Ademais, ao inicio do período de experiencia profesional e laboral no que se basee a solicitude de recoñecemento, o/a estudante deberá cumprir os requisitos indicados para as prácticas extracurriculares no artigo 8 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da Universidade de Vigo.

Contémplase tamén o posible recoñecemento de materias "Xestión de Proxectos de Telecomunicación I" e/ou "Xestión de Proxectos de Telecomunicación II". Para o recoñecemento de cada unha destas materias esixirase unha experiencia profesional mínima de 25 horas/ECTS.

Nos casos en que xa se teñan superado 10 ou máis ECTS entre "Prácticas en Empresa", "Xestión de Proxectos de Telecomunicación I" e "Xestión de Proxectos de Telecomunicación II", contémplase tamén o posible recoñecemento de materias optativas (excluíndo as materias optativas de tecnoloxías de telecomunicación), sempre e cando o informe referido no artigo 20.2.b do "Regulamento de recoñecemento" reflicta ter acadado os resultados de aprendizaxe e dominar os contidos da(s) materia(s) que se solicita recoñecer. A tal efecto, a CAM solicitará un informe á coordinación da(s) devandita(s) materia(s) sobre a pertinencia do recoñecemento. Para o recoñecemento de cada unha destas materias esixirase unha experiencia profesional mínima de 25 horas/ECTS.